

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “A AXENDA 2030, UN RETO LOCAL NUN MUNDO EN TRANSFORMACIÓN III”**

(1) A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais e de especialización a educación para o desenvolvemento e o fortalecemento institucional dos axentes.

**(2) Antecedentes:**

Desde o ano 2000, a Xunta ven colaborando co Fondo Galego no ámbito da sensibilización e educación para o desenvolvemento, a través das sinaturas dos correspondentes convenios.

O importe total das subvencións concedidas pola Xunta ao Fondo Galego nos ámbitos de sensibilización e fortalecemento no período 2004-2018 foi de 741.620,00 €, de acordo coa seguinte distribución:

<b>ANO</b>	<b>IMPORTE SUBVENCIÓN XUNTA</b>
2004	24.000,00 €
2005	30.000,00 €
2006	60.000,00 €
2007	62.000,00 €
2008-2009 (Convenio plurianual)	125.620,00 €
2010	60.000,00 €
2011	60.000,00 €



2012	60.000,00 €
2014	40.000,00 €
2015	40.000,00 €
2016	40.000,00 €
2017	40.000,00 €
2018	40.000,00 €
2019	60.000,00 €
2020	60.000,00 €
2021	60.000,00 €

### (3) Finalidade

Co fin de dar continuidade ás actuacións de sensibilización previstas e ao fortalecemento da solidariedade municipalista galega a través das actuacións realizadas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que é o órgano que agrupa a cen Concellos e ás Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra e que perseguen impulsar un maior compromiso de cooperación ao desenvolvemento das Entidades Locais, nun marco máis estable e permanente, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido para o ano 2022.

### (4) Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Fondo Galego no proxecto denominado “A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación III”. O proxecto ten como obxectivo promover a implicación dos concellos e deputacións galegas no cumprimento dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable) da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas, que constitúen o referente para as políticas de cooperación e desenvolvemento e para os instrumentos de financiamento.

(5) A singularidade deste proxecto ven determinada polas accións de fortalecemento da propia organización e as accións de sensibilización e concienciación que proxecta levar a cabo no ano 2022, dando continuidade ás liñas de traballo iniciadas nos anos



anteriores, e introducindo como novidade o establecemento de accións que involucren ás administracións na consecución da Axenda 2030 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles (ODS).

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da entidade solicitante, creada co apoio da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Administración autonómica, e que actúa de canle coordinadora da actuación por parte do municipalismo galego neste ámbito da cooperación, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 60.000 € (sesenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.481.2.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

